

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 31 DE MAIO DE 2012,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se regula o réxime aplicable ao persoal das entidades instrumentais integrantes do sector público de Galicia que sexan obxecto de creación, adaptación ou extinción.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se establece o currículo das ensinanzas superiores de técnico deportivo en vela con aparello fixo e técnico deportivo en vela con aparello libre.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se derroga o Decreto 350/1990, do 22 de xuño, sobre fluoración das augas potables de consumo público.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Decreto polo que se establecen os prezos públicos polos servizos de rescate prestados pola Consellería do Medio Rural e do Mar.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co concello de Teo para a execución da obra: "Ampliación da ETAP de Teo. Teo (A Coruña)", clave OH.215.975, por importe de setecentos dez mil cincuenta e seis euros con trinta e tres céntimos (710.056,33 euros).
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co concello de Melón para a execución da obra: 'Saneamento, depuración e mellora do abastecemento no concello de Melón (Ourense)', clave OH.532.760, por importe de un trescentos sesenta e catro mil cento cincuenta e un euros con noventa e cinco céntimos (364.151,95 euros).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza o compromiso plurianual derivado da convocatoria do programa do Igape de bolsas formativas para a realización de proxectos de mellora das pemes galegas, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo no marco do Programa Operativo FSE Galicia 2007-2013, a superación das porcentaxes e a eximente de constitución de garantías nos pagamentos a conta e nos pagamentos anticipados, por importe de un millón de euros (1.000.000,00 euros).

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Xerencia do Sector da Construción Naval, para o cofinanciamento da formación dirixida prioritariamente a persoas ocupadas do persoal afectado por expedientes de regulación temporal de emprego nas empresas do sector da construción naval da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2012 e a establecer pagamentos anticipados de contía superior ao establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Importe total: un millón seiscientos mil euros (1.600.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia durante os anos 2012 e 2013 de programas

integrados para o emprego e adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual. Importe total: un millón novecentos oitenta e cinco mil douscentos oitenta e dous euros (1.985.282,00 euros).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar, a Universidade de Santiago de Compostela e as asociacións de cooperativas: Unión de Cooperativas Asociación Galega de Cooperativas Agrarias (AGACA), Unión de Cooperativas de Traballo Asociado (UGACOTA), e Federación de Empresas Cooperativas (SINERXIA), para a formación de xestores e titores especializados en proxectos cooperativos, cunha contía de oitenta mil euros (80.000,00 euros).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Acordo polo que se declara a prevalencia da utilidade pública do modificado do proxecto da Subestación de Ribadeo 132/20 KV sobre a que cualifica o monte veciñal en man común dos Chaos, pertencente á comunidade de Piñeira, no concello de Ribadeo, Lugo, promovido por E. ON Distribución SL. Superficie total de afección: 1,1883 ha.

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre o aforro acadado na redución das baixas laborais.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre os resultados do Programa Interconecta.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre as guías informativas para profesionais do Servizo Galego de Saúde.
- Informe sobre a adxudicación do contrato de osixenoterapia domiciliaria.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Informe sobre o calendario laboral 2013.

A XUNTA UNIFORMIZA O RÉXIME DE PERSOAL DAS ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS CO DA ADMINISTRACIÓN XERAL GALEGA

- *O Consello aprobou hoxe o decreto que regula o réxime aplicable ao persoal das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico*
- *O decreto homoxeneiza as relacións de emprego no ámbito do sector público autonómico, gañando en eficiencia e favorecendo a mobilidade*
- *O texto desenvolve o previsto na Lofaxga para integrar como persoal laboral da Xunta o persoal laboral fixo das entidades instrumentais*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto que regula o réxime aplicable ao persoal das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico de Galicia, que van permitir homoxeneizar as relacións de emprego en todo o ámbito do sector público autonómico ao uniformizar o réxime de persoal destas entidades instrumentais co da Administración xeral galega.

O decreto desenvolve unha previsión establecida na Lofaxga e regula, polo tanto, os procedementos que habilitan a progresiva integración como persoal laboral da Xunta de Galicia do persoal laboral fixo das entidades instrumentais, é dicir, de organismos autónomos, axencias públicas autonómicas, entidades públicas empresariais, consorcios, sociedades mercantís públicas e fundación do sector público.

O obxectivo da norma é homoxeneizar as relacións de emprego no ámbito do sector público autonómico, co fin de mellorar a eficacia na xestión do persoal e gañar así en eficiencia, ademais de favorecer a mobilidade horizontal e vertical do persoal. Estamos a falar da integración de persoal laboral fixo que foi seleccionado respectando os principios de mérito, igualdade, capacidade e publicidade.

Nesta liña de homoxeneizar as relacións de emprego no ámbito do sector público autonómico, o texto alude á equiparación, de forma progresiva e durante un prazo máximo de 6 anos, tanto das retribucións superiores como daquelas que sexan inferiores ás establecidas no Convenio Colectivo Único da Xunta de Galicia, unificando desta forma o réxime retributivo de todo o persoal laboral fixo do sector público autonómico.

Procedemento de integración

O procedemento de integración porase en marcha coa publicación dunha orde da Consellería de Facenda -competente en materia de función pública-, por proposta da consellería á que este adscrita a entidade instrumental cuxo persoal cumpra os requisitos exixidos para a integración.

Entre estes requisitos será obrigatorio ter un contrato laboral fixo con algunha das entidades, instrumentais do sector público autonómico, formalizado tras un proceso de selección realizado baixo os principios constitucionais de publicidade, mérito e capacidade, así como a titulación e os demais requisitos esixidos para o acceso ao grupo e á categoría de homologación do Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, e estar en situación de servizo activo ou que orixine dereito á reserva de praza ou posto.

A integración finalmente resolverase mediante orde da consellería competente en materia de función pública onde se recollerán as previsións necesarias para que esta se realice en termos de homoxeneidade co réxime laboral establecido no Convenio colectivo da Xunta de Galicia.

Entidades en proceso de liquidación

No decreto recóllese, ademais, o caso particular do persoal procedente de determinadas entidades que se atopan en proceso de liquidación, coa finalidade de culminar o proceso e, pola súa vez, proceder á equiparación do persoal procedente destas entidades seleccionado baixo os principios de publicidade, mérito e capacidade, co resto do persoal laboral da Xunta de Galicia.

Este é o caso do persoal fixo das extinguidas fundacións para o desenvolvemento das comarcas que foron integradas en entidades onde non era de aplicación o Convenio Colectivo Único do persoal laboral da Xunta de Galicia, así como do persoal da Fundación Galicia Emigración e Fundación Axencia Humanitaria de Galicia.

Nestas últimas, en proceso de liquidación, o persoal continúa prestando os seus servizos e adscribiranse, respectivamente, á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e á Secretaría Xeral de Emigración, que asumirán as súas actividades e medios de conformidade cos respectivos acordos de extinción por precisar do persoal das características de que se trata.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO DO CANON DA AUGA, QUE ENTRARÁ EN VIGOR A PARTIR DO MES DE XULLO

- *Foi negociado coa Federación Galega de Municipios e Provincias e incluírá todos os compromisos sociais asumidos cos sindicatos agrarios e as comunidades de usuarios*
- *Os pozos e traídas particulares non estarán obrigados a pagar o canon como recoñecemento do esforzo dos propietarios que teñen que autoxestionar o seu abastecemento*
- *Aplicarase unha tarifa social con descontos do 50% a familias numerosas, e estarán exentas familias en situación ou risco de exclusión social*
- *O canon non é un novo imposto senón que substitúe o actual canon de saneamento*
- *Incorpora criterios de progresividade co obxectivo de promover o uso responsable da auga beneficiando os que menos consumen e penalizando os que o fan en exceso*
- *Este debe de ser o camiño a seguir polo resto de administracións que prestan servizos relacionados coa auga, xa que nestes momentos moitos concellos cobran mínimos que están por encima do consumo real, o que leva ao desbaratamento*
- *Terá carácter finalista ao 100%, é dicir, servirá na súa integridade para financiar actuacións de abastecemento, saneamento, explotación de EDAR e xestión de ríos*
- *O canon da auga será o segundo máis barato de España*

O Consello da Xunta celebrado hoxe aprobou o decreto polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais, que entrará en vigor o vindeiro mes de xullo. É así tras incorporar máis do 90 % das observacións realizadas polo Consello Consultivo de Galicia no último trámite previo á súa aprobación.

O canon da auga, previsto pola nova Lei de augas, substituirá o canon de saneamento actual, será o segundo máis barato de España e terá carácter finalista ao 100%, é dicir, servirá na súa integridade para financiar actuacións de abastecemento, saneamento, explotacións de EDAR e xestión dos ríos. Ademais, crearase unha taxa autonómica de depuración chamada coeficiente de vertedura. Estará vinculada á explotación das estacións de depuración por parte da Xunta e será equivalente ás taxas de depuración que cobran os concellos e incompatible con elas. En definitiva, non se crea ningún novo imposto, senón que evolucionan os existentes para melloralos.

A nova fiscalidade autonómica da auga ten dous obxectivos: asegurar a viabilidade das infraestruturas do ciclo da auga en Galicia coa execución de obras hidráulicas e do servizo de depuración, e, por outro lado, promover o uso responsable da auga beneficiando os que menos consumen e penalizando os que o fan en exceso.

O canon incentivará o aforro da auga ao incorporar criterios de progresividade e equidade. No primeiro dos casos, porque a tarifa doméstica estruturase en diversos

tramos segundo o consumo, no que se terán en conta o número de persoas por vivenda. Respecto da equidade, os cidadáns pagarán o mesmo independentemente de onde vivan. Na actualidade, os cidadáns abastecidos por redes de saneamento públicas en núcleos menores de 2000 habitantes non pagan canon e reciben o mesmo servizo que nas cidades. Ademais, os usuarios de servizos de depuración xestionados pola Xunta non sustentan ese custo; mentres que se o encargado e o concello si que o fan, con tarifas e niveis de calidade moi dispares.

En calquera dos casos, é importante subliñar que o impacto do canon da auga estará marcado polo propio consumo. Co novo canon da auga os usuarios pagarán só polo que realmente necesitan e consumen, evitando facer usos abusivos do recurso, o que en definitiva axuda a manter os niveis de abastecemento. Este debe de ser o camiño a seguir polo resto de administracións que prestan servizos relacionados coa auga, xa que nestes momentos moitos concellos cobran mínimos que están por encima do consumo real, o que invita a hábitos de consumo non responsables.

Ademais, aplicaranse descontos do 50% a familias numerosas, e estarán exentas do seu pagamento as familias en situación de exclusión social ou risco de estalo, ademais das entidades sen ánimo de lucro que atendan estas situacións. Por outro lado, as comunidades de usuarios e captacións propias, é dicir os pozos e traídas particulares non estarán obrigados a pagar o canon da auga, tal e como se acordou cos sindicatos agrarios, e poderán acollerse a sistemas de estimación obxectiva para medición de consumos.

Con esta medida a Xunta reconece o esforzo dos propietarios de pozos particulares e traídas veciñais que tiveron que autoxestionar o seu abastecemento, alí onde as administracións non puideron chegar. Por iso, establécense os mecanismos que permitirán a non liquidación do canon da auga ás persoas que estean nesta situación

Usos industriais

O canon da auga para os usos non domésticos (industriais na maior parte) busca un dobre obxectivo: que estas entidades participen proporcionalmente ao seu impacto na mellora do ciclo da auga, e a diminución da contaminación vertida, incentivando coas tarifas que compense depurar os efluentes das industrias cos máximos rendementos posibles, mellorando as condicións das autorizacións de vertedura. Séguese así o principio de quen contamina paga, e quen máis contamina, máis paga.

Os usos industriais poden tributar por volume (un fixo por m³ que se asimila a consumo doméstico se é inferior a 2.000 m³ ao ano) ou por carga contaminante (principio de progresividade: quen máis contamina, máis paga), prevalecendo esta última se é superior á outra coa finalidade de reducir a contaminación. Cabe citar como novidade que se se tributa por carga contaminante, gravaranse o nitróxeno e o fósforo.

Coeficiente de vertedura

En relación co coeficiente de vertedura, non é un novo imposto, senón que é equivalente á taxa de depuración, actualmente xestionada polos concellos. Habilítase como unha taxa de depuración autonómica, que permitirá iniciar novas explotacións de EDAR por parte da Xunta de Galicia se os concellos así o solicitan. Cobrarase naqueles casos nos que a Xunta asuma a explotación da depuradora. Para cada usuario conectado a unha EDAR explotada pola Xunta de Galicia será a mesma cantidade que o canon da auga. É un modo doado de aplicar e permitirá unha recuperación de custos de, polo menos, o 70%.

Segunda comunidade co canon máis barato

O canon da auga será o máis barato de España. Se se revisan as tarifas domésticas do canon vixente noutras comunidades autónomas, en Cataluña a tarifa do canon da auga para o tramo ata 10 m³ é de 0,39 euros/m³ (por comparación aos 0,28 euros/m³ do novo canon de Galicia). En Aragón a tarifa do canon é de 0,47 euros/m³, sen mínimos exentos e cunha cota fixa de 3,94 euros/mes (en Galicia o novo canon prevé unha cota fixa de 1,5 euros/mes). En Asturias a tarifa é de 0,36 euros/m³ sen mínimos exentos. En Castela -A Mancha, a tarifa é de 0,42 euros/m³ sen mínimos exentos. En Andalucía é de 0,10 euros/m³, pero a lei andaluza establece un segundo tributo, o canon de mellora de infraestruturas, de 0,60 euros/m³.

EDUCACIÓN IMPULSA AS ENSINANZAS DEPORTIVAS A TRAVÉS DOS CURRÍCULOS DE TÉCNICO DEPORTIVO EN VELA E APARELLO LIBRE E FIXO

- ***O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe aos programas destas titulacións de nova creación***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dará un novo impulso ás ensinanzas deportivas a través da publicacións dos currículos de dous títulos de nova creación, o de técnico deportivo en vela e aparello fixo e o de técnico deportivo en vela en aparello libre. O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe aos programas didácticos de ambas as titulacións, que procuran a capacitación dos futuros técnicos deportivos en vela con aparello fixo con aparello libre para o desenvolvemento das súas funcións, a través da adquisición e perfeccionamento das competencias profesionais propias da modalidade.

Con este obxectivo, o proxecto de decreto hoxe aprobado establece o currículo de grao medio das ensinanzas deportivas en vela e regula o acceso a ditas ensinanzas, así como os requisitos mínimos dos centros que as imparten no relativo á relación numérica dos grupos segundo o nivel e ás instalacións docentes pertinentes.

O establecemento deste currículo permite conseguir unha formación completa de profesionais neste eido, cun equilibrio entre o carácter teórico e práctico, de maneira que o proceso de formación se vincule á realidade social no ámbito deportivo da vela.

Ocupacións

Ao abeiro deste decreto establécese dous títulos diferentes de nova creación, ambos os dous cunha duración de 1.100 horas, por unha banda o de técnico deportivo en vela con aparello fixo, por outra o de técnico deportivo en vela con aparello libre.

Respecto do primeiro deles, organízase en dous ciclos, o ciclo inicial de grao medio en vela con aparello fixo e aparello libre -cunha duración de 500 horas- e o ciclo final de grao medio en vela con aparello fixo -cunha duración de 600 h-. No que atinxe ás especializacións, este título contará só coa de vela adaptada con aparello fixo.

Quen remate estes estudos poderá exercer o seu labor profesional como adestrador de tecnificación en vela con aparello fixo, coordinador doutro persoal técnico de iniciación á vela, xestor ou organizador de eventos de vela de promoción e iniciación, responsable da seguridade da navegación e das instalacións deportivas utilizadas na tecnificación, ou no traballo de acompañamento e dirección ao regatista en competicións.

No caso do título de técnico deportivo en vela con aparello libre, as ensinanzas organízanse en dous ciclos, o inicial de grao medio en vela con aparello fixo e aparello libre -500 horas- e o final de grao medio en vela con aparello libre -600 horas-. As

especializacións posibles serán as de Kiteboarding e a de vela adaptada con aparello libre.

Os titulados neste ciclo poderán desempeñar as ocupacións de adestrador de tecnificación en vela con aparello fixo, responsable da seguridade da navegación e das instalacións deportivas utilizadas na tecnificación, acompañamento e dirección ao regatista en competicións, coordinación doutro persoal técnico de iniciación á vela, ou xestión e organización de eventos de vela de promoción e iniciación, entre outras.

Cómpre destacar, ademais, que ambos os currículos inclúen módulos de formación práctica de 150 horas no ciclo inicial e 200 horas no final, co fin de que o alumnado entre en contacto coa realidade do mundo laboral e do desempeño do seu labor.

A XUNTA DERROGA O DECRETO 350/1990 SOBRE FLUORACIÓN DAS AUGAS POTABLES DE CONSUMO PÚBLICO

O Consello da Xunta acordou hoxe a derogación do decreto 350/1990, do 22 de xuño, sobre fluoración das augas potables de consumo público. Esta norma establecía a obriga de fluorar as augas de consumo público de Galicia.

Actualmente, os estudos amosan que existe unha concentración óptima de flúor nas augas aptas para o consumo e que estas cumpren os criterios técnicos correspondentes. Así mesmo, os distintos estudos epidemiolóxicos realizados nos anos 1990, 1995, 2000, 2005 e 2010 poñen de manifesto que a saúde bucodental dos escolares galegos evoluciona favorablemente, e amosan que esta se sitúa próxima a acadar os obxectivos marcados pola OMS para o ano 2020.

Polo tanto, o decreto derrógase tendo en conta esta evolución da saúde bucodental dos menores e as iniciativas similares xa adoptadas noutros países e noutras Comunidades Autónomas.

A XUNTA REPERCUTIRÁ SOBRE OS RESPONSABLES DE INCIDENTES MARÍTIMOS OS CUSTOS DO SERVIZO DE RESCATE

- ***A Consellería do Medio Rural e do Mar pretende concienciar a sociedade do risco que entraña a realización de determinadas actividades***
- ***O decreto aprobado hoxe prevé un sistema de taxas moi semellante ao que aplica Salvamento Marítimo do Estado ou o Goberno do País Vasco***
- ***En ningún caso se cobrarán as prestacións de servizos de rastrexo e rescate nas situacións de catástrofe ou calamidade pública, así como por razóns de interese xeral e non en beneficio de particulares ou de bens determinados***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de decreto que establece os prezos públicos polos servizos de rescate prestados polo Servizo de Gardacostas da Consellería do Medio Rural e do Mar. A norma prevé un sistema de taxas moi semellante ao que aplica Salvamento Marítimo do Estado ou outras Comunidades Autónomas como o Goberno do País Vasco.

O Goberno galego quere reforzar así a mentalización da cidadanía sobre o risco que entraña a realización de determinadas actividades relacionadas co mundo do mar. Neste sentido, preténdese disuadir as actuacións imprudentes e irresponsables.

A Consellería considera necesario, nun contexto de crise económica como o que nos atopamos, optimizar os recursos públicos e acadar unha mellor e máis eficaz xestión. Cabe destacar que os medios de salvamento supoñen cuantiosos custos para todos os galegos; uns 6 millóns de euros ao ano no caso de rescates por medio aéreos e uns 5 millóns de euros ao ano no caso de operacións por medio de embarcacións.

A maior parte das actuacións corresponden a evacuacións e asistencia a buques estranxeiros ou doutras comunidades autónomas e ata o de agora non existía unha ferramenta normativa a través da cal se puidesen repercutir os custos dos operativos nas aseguradoras ou armadoras dos buques auxiliados.

En ningún caso se cobrarán as prestacións de servizos de rastreo e rescate nas situacións de catástrofe ou calamidade pública, así como por razóns de interese xeral e non en beneficio de particulares ou de bens determinados.

O pagamento polo rescate afectará determinadas actividades recreativas e deportivas que comportan un evidente risco, a prestación de servizos en zonas sinaladas como perigosas, cando se orixine por desatender os avisos de alerta de fenómenos meteorolóxicos adversos e cando se trate de servizos solicitados sen xustificación. Ademais, terán que pagar a nova taxa as persoas rescatadas que non leven o equipamento axeitado para o desenvolvemento da actividade.

En todo caso, estes gastos adoitan estar cubertos polas empresas aseguradoras, polo que os profesionais galegos da pesca quedarían cubertos polo seguro obrigatorio do que deben dispor por lei nas súas embarcacións.

A XUNTA DE GALICIA INVESTIRÁ MÁIS DE 700.000 EUROS NA AMPLIACIÓN E MELLORA DA ESTACIÓN DE TRATAMENTO DE AUGA POTABLE DE TEO

- *O incremento de poboación do concello de Teo supuxo un aumento no consumo e nas exixencias á estación de tratamento de auga potable do concello coruñés*
- *A previsión do Goberno galego é poder licitar esta obra a comezos deste verán*
- *Proxéctase a ampliación da ETAP existente para garantir unha potabilización de auga para un caudal de 100 litros por segundo*
- *O custo total da actuación cofinanciada por Augas de Galicia e o concello de Teo é de 1 millón de euros*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe a colaboración técnico-financiera da Xunta de Galicia co concello de Teo para a execución da obra ampliación da ETAP de Teo por un importe de 710.056 euros. A previsión é poder licitar esta obra a comezos do verán.

Este investimento que a Xunta de Galicia levará a cabo a través do organismo autónomo de Augas de Galicia supón o 70% do orzamento da actuación, posto que o concello de Teo asume o 30% (arredor de 300.000 euros).

A ampliación desta estación de tratamento de auga potable está xustificada porque nos últimos anos, observouse un aumento da poboación no concello de Teo que comportou un progresivo aumento no consumo, o que obriga a establecer as medidas necesarias para incrementar o caudal actual así como mellorar a calidade da auga tratada.

Actualmente a ETAP presenta limitacións, non é capaz de manter o caudal de 50 litros por segundo para o que foi deseñada, o que supón unha dificultade sobre todo nos meses de verán, cando a demanda supera, sobradamente, o caudal que vai tratar a ETAP.

Por todo o exposto, proxéctase a ampliación da ETAP existente para garantir unha potabilización de auga bruta para un caudal de 100 litros por segundo. Con este obxectivo, executaranse os seguintes traballos:

Captación

Substituiranse as bombas actuais para pasar a dúas bombas de 100 l/s (unha en reserva), así como a tubaxe de impulsión e o colector xeral de impulsión coas súas respectivas válvulas de comporta e retención, entre outras actuacións.

Planta

Entre as accións que se desenvolverán, destaca a implantación dun decantador lamelar no proceso de tratamento para unha capacidade de 100l/s, así como unha cámara de

auga tratada con sala de bombas que alimente a etapa de filtración. Instalarase unha liña de filtración igual á existente, duplicando a capacidade actual. Ademais, levarase a cabo a automatización no proceso de tratamento de potabilización, así como a incorporación de turbidímetro de auga bruta e tratada, medidor de PH e de cloro residual residual, entre outra.

Bombeo

Instalarase, ademais, unha bomba adicional de similares características que as existentes na estación de bombeo de Pedrouzo, de xeito que dispoña de tres bombas de 50 l/s.

A XUNTA COLABORA CO CONCELLO DE MELÓN NA DOTACIÓN DE SANEAMENTO EN DIFERENTES NÚCLEOS MEDIANTE A ACHEGA DE MÁIS DE 365.000 EUROS

- *Estas actuacións, cuxo prazo de execución é de seis meses, mellorarán a calidade de vida dos habitantes do Concello de Melón, un total de 1.475 cidadáns*
- *O proxecto actuará sobre localidades como Valmourisco, A Costa do Cuco, O Retiro, A Fonte Santa, Negrelle e Quins*
- *As accións principais centraranse na colocación de tubaxes soterradas e construción de pozos de rexistro e captacións de auga*

O Consello da Xunta de hoxe autorizou a colaboración técnica e financeira entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Melón para a execución das obras de saneamento neste concello ourensán.

O Goberno galego, a través de Augas de Galicia, achega un importe económico de máis de 365.000 euros para levar a cabo estas actuacións que mellorarán a calidade de vida dos habitantes do Concello de Melón, un total de 1.475 cidadáns. O prazo de execución destes traballos é de seis meses.

Este proxecto hidráulico ten como fin proporcionar a diferentes poboacións do Concello de Melón un sistema de saneamento, do que na actualidade carecen. Os núcleos obxecto dos traballos son Valmourisco, A Costa do Cuco, O Retiro, A Fonte Santa, Negrelle e Quins.

No núcleo de Valmourisco, colocarase tubaxe soterrada baixo gabia e construíranse pozos de rexistro. A gabia farase con profundidade para manter a pendente. Estes mesmos traballos realizaranse na zona da Costa do Cuco.

Nas áreas do Retiro e A Fonte Santa colocarase unha única fosa para os dous núcleos, engadindo tamén tubaxe soterrada e varios pozos de rexistro en formigón. En Negrelle, farase o saneamento para as casas que se atopan na cota inferior na rede de saneamento existente.

Na localidade de Quins construírase unha nova captación de auga cunha arqueta, colocando ventosas para a eliminación do aire e conectando coa rede existente.

O departamento que dirixe Agustín Hernández, mediante a colaboración neste tipo de proxectos, pretende dotar aos concellos galegos daquelas infraestruturas das que carezan, no caso de Melón, infraestruturas hidráulicas. Así, fomenta o desenvolvemento económico e social dos municipios obxecto destas obras.

A XUNTA APROBA O PROGRAMA DO PLAN RE-ACCIONA QUE CONVERTERÁ 100 NOVOS TITULADOS EN ESPECIALISTAS NA MELLORA COMPETITIVA DAS PEMES

- *O programa de formación e emprego, dotado con 1 millón de euros, está orientado a reforzar a capacidade das empresas galegas*
- *Os seleccionados recibirán formación especializada antes e durante o período de prácticas no que poderán prestar servizos en ata catro pemes diferentes, titorizados por expertos*
- *Esta iniciativa é parte do Plan ReAcciona que conta cunha dotación total de 5 millóns de euros*
- *Este plan ten como obxectivo facer máis de 2.200 diagnoses de competitividade e internacionalización nas pemes galegas e prestar servizos avanzados para a aplicación de melloras competitivas concretas nas empresas*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou o programa de formación e emprego dentro do Plan Re-Acciona que converterá a 100 novos titulados en especialistas na mellora da competitividade das pequenas e medianas empresas galegas, cunha dotación orzamentaria de 1 millón de euros.

Mediante este programa perséguese dous obxectivos: reforzar a capacidade das pemes e impulsar así as súas capacidades de crecemento; e tamén apostar pola formación teórico-práctica de expertos en mellora competitiva.

Esta iniciativa da Consellería de Economía e Industria forma parte do Plan Re-Acciona que reforza a estratexia dun Igape próximo orientado a ofrecer solucións ás necesidades reais das pemes e responde á súa reorientación como un Instituto centrado na prestación de servizos empresariais avanzados.

O Plan conta cun orzamento total de 5 millóns de euros, cofinanciados co Fondo Social Europeo, e cunha duración de 2 anos. Con este Programa, o Igape realizará máis de 2.200 diagnósticos gratuítos de internacionalización e de competitividade; tamén levará a cabo servizos avanzados de alto valor engadido, a custo moi reducido para as empresas co obxectivo de facilitar a profesionalización e a mellora na xestión, e ademais desenvolverá este programa para a inserción nas empresas de 100 especialistas recentemente titulados, que axudarán no desenvolvemento das melloras propostas, ademais de recibir formación teórica e práctica.

200 titulados participarán na formación especializada

Os titulados universitarios que participen no programa serán seleccionados entre 200 finalistas, en función da súa titulación e expediente académico, da súa formación adicional e do seu coñecemento de idiomas. Todos os finalistas poderán acceder á

formación especializada para a aplicación dos proxectos de mellora da competitividade, promovidos no marco do programa Re-Acciona.

Os 100 seleccionados prestarán servizos avanzados nas pemes que participan neste plan, un proceso no que poderán chegar a traballar en ata catro empresas, ademais de contar con outro período de formación máis específico durante o desenvolvemento das prácticas, que terán unha duración dun ano. Neste proceso, contarán coa supervisión e titorización das empresas especializadas que colaboran co Igape na prestación dos servizos de asesoramento ás pemes do Plan Re-Acciona, seguimento que estará recollido nun programa de formación específico.

Os bolseiros deberán ser titulados –entre os anos 2009 e 2012– en física, matemáticas, química, enxeñaría, ciencias económicas e empresariais, administración e dirección de empresas, ciencias empresariais, economía ou dereito. No seu conxunto, o proceso permitirá que os bolseiros accedan a novas competencias profesionais en ámbitos onde a experiencia práctica e fundamental para o desenvolvemento de proxectos, incrementando as súas posibilidades de atopar un emprego de calidade.

A XUNTA E O ESTADO INVESTIRÁN 1,6 MILLÓNS PARA FORMAR OS TRABALLADORES AFECTADOS POR ERES DE SUSPENSIÓN DO SECTOR NAVAL

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Xerencia do sector da construción naval, unha entidade pública adscrita ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo***
- ***Con esta iniciativa, dáse cumprimento a un dos acordos acadados na mesa do naval do diálogo social con patronal e sindicatos***

A Consellería de Traballo e Benestar e o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo investirán 1,6 millóns de euros para formar os traballadores afectados por ERES de suspensión do sector naval galego. Estímase que estas actuacións chegarán, aproximadamente, a unhas 500 persoas.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración neste sentido, que se asinará entre este departamento autonómico e a Xerencia do sector da construción naval, unha entidade pública empresarial, adscrita ao Ministerio de industria.

Con este acordo, dáse cumprimento a un dos acordos acadados na mesa do naval do diálogo social entre Administración, patronal e sindicatos. Trátase, polo tanto, da primeira vez que se asina un convenio destas características.

O seu obxectivo é dar formación aos traballadores do naval galego que estean afectados por ERE de suspensión, e tamén a desempregados. Grazas a esta iniciativa, os traballadores recibirán os recursos necesarios para adaptarse ás novas tecnoloxías e á evolución dos sistemas de produción. Isto é, dotaráselles da formación da cualificación suficiente para manter o seu emprego.

Prevese que estas actividades formativas, que forman parte dunha convocatoria estatal, dean comezo a partir deste verán.

OS PROGRAMAS INTEGRADOS DE EMPREGO BENEFICIARÁN NESTA NOVA CONVOCATORIA A UNHAS 2.000 PERSOAS DESEMPREGADAS

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe a orde que establece as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión destas subvencións, que están dirixidas a entidades locais ou sen ánimo de lucro*
- *Estes programas, que contan cun orzamento de 1,98 millóns de euros, son unha medida novidosa que combina accións de diversa natureza para dar un tratamento integral como son a información, orientación, asesoramento, formación, práctica laboral e mobilidade xeográfica*
- *Establecen obxectivos cuantitativos de inserción dos participantes, nunha porcentaxe mínima de entre o 30 e o 35 por cento*
- *Os período de execución de cada programa terá unha duración máxima de 12 meses*

Os programas integrados para o emprego beneficiarán nesta nova convocatoria, que abrangue 2012 e 2013, a unhas 2.000 persoas desempregadas. En concreto, a orde conta cun orzamento de 1,98 millóns de euros e permitirá conceder uns 20 proxectos destas características.

O Consello da Xunta aprobou hoxe a orde que establece as bases reguladoras e a convocatoria pública destes programas. Ademais, deuse o visto e praxe á concesión de anticipos de crédito do 25 por cento da subvención ás entidades beneficiarias destas axudas.

Estes programas teñen como obxectivo mellorar a ocupabilidade e a inserción laboral das persoas desempregadas. Estes plans son unha nova medida activa de emprego que dá aos participantes un tratamento integral, ao combinar accións de diversa natureza como información, orientación, asesoramento, formación, práctica laboral e mobilidade xeográfica.

Ademais, nestes programas estableceranse obxectivos cuantitativos de inserción laboral das persoas desempregadas que participen neles. Estes obxectivos de inserción non poden ser inferiores ao 30 ou 35 por cento das persoas atendidas no programa.

Cada un destes proxectos terá unha duración máxima de 12 meses. Á esta orde poderán optar tanto entidades locais como entidades sen ánimo de lucro que acrediten experiencia en accións de inserción laboral.

En xeral, os destinatarios destas actuacións serán persoas desempregados, preferentemente aqueles colectivos máis vulnerables e considerados como prioritarios como son persoas con discapacidade, persoas inmigrantes, desempregados en risco de exclusión social, perceptores de subsidio ou prestación por desemprego, colectivo de persoas desempregadas de longa duración, así como mozos e mozas.

TRABALLO FINANCIARÁ CON 80.000 EUROS A FORMACIÓN DE TITORES ESPECIALIZADOS NO ASESORAMENTO DE PROXECTOS COOPERATIVOS

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a consellería, a Universidade de Santiago e as principais asociacións cooperativas de Galicia para poñer en marcha esta iniciativa***
- ***Estes profesionais prestan os seus coñecementos tanto ás persoas que inician a creación dunha cooperativa como a aquelas que xa puxeron en marcha esta fórmula empresarial***
- ***A Consellería de Traballo e Benestar considera importante reeditar este convenio, xa que os participantes doutros anos están a traballar no ámbito do cooperativismo***
- ***O departamento autonómico está a investir este ano no eido do cooperativismo 6,5 millóns de euros***
- ***Esta fórmula empresarial está a desenvolver unha forte resistencia e estabilidade fronte á crise, xa que na actualidade existen preto de 1.140 cooperativas activas con 88.000 socios***

A Consellería de Traballo e Benestar asinará nas próximas semanas un convenio de colaboración coa Universidade de Santiago (USC) e as principais asociacións cooperativas de Galicia para formar a 36 alumnos en cooperativismo, que desenvolverán un itinerario de 12 meses para acadar a especialización no asesoramento de proxectos cooperativos. Ademais, estes tres alumnos poderán realizar prácticas en cooperativas. En concreto, o departamento autonómico achegará 80.000 euros para esta iniciativa da que, ademais da universidade, formarán parte a Unión de Cooperativas Asociación Galega de Cooperativas Agrarias (Agaca); a Unión de Cooperativas de Traballo Asociado (Ugacota); e a Federación de Empresas Cooperativas (Sinexia).

Os titores que se formen a través deste programa serán un elemento clave para a promoción do cooperativismo. A necesidade de que os proxectos cooperativos, tanto os existentes como os de nova creación, se conformen como iniciativas con vocación de permanencia require, entre outras, a existencia dun grupo tutorial que acompañe os citados proxectos desde o seu inicio. Así, con este plan avánzase na creación dun sistema de asesoramento e acompañamento de proxectos desde as etapas iniciais e baixo o prisma cooperativo.

O proceso formativo, que inclúe parte teórica e práctica, estará baixo a docencia do departamento de Economía Aplicada da USC e as asociacións de cooperativas achegarán formadores dos seus equipos técnicos. O curso básico comeza cun período formativo de 42 horas en cooperativismo, denominado 'As sociedades cooperativas galegas', que estará dirixido a 36 alumnos e alumnas dos últimos cursos e persoas que xa rematasen os estudos universitarios.

Tras esta acción, a universidade seleccionará, coa colaboración das asociacións e a consellería, tres persoas licenciadas e diplomadas en titulacións que garden relación coas materias de xestión de cooperativas, como Económicas, Empresariais e Relacións Laborais.

Estes tres alumnos desenvolverán un itinerario formativo, teórico e práctico, baixo a dirección da universidade. Este período formativo alongarase 12 meses. Este proceso, que coordinará o departamento autonómico, poderá completarse con prácticas nunha cooperativa galega previamente seleccionada polo Consello Galego de Cooperativas de entre aquelas que ofrezan a súa dispoñibilidade para colaborar no desenvolvemento desta actividade formativa.

O enfoque do curso especializado será eminentemente práctico e estarán dirixidos á obtención dunha formación sobre as características e funcionamento das cooperativas e a coñecer as posibilidades e saídas profesionais que ofrece o autoemprego e o emprendemento cooperativo.

Entre os aspirantes valorarase a formación previa que poidan acreditar en materia de cooperativismo e, particularmente, a asistencia con aproveitamento ao curso básico, que terá a consideración de mérito relevante.

A Consellería de Traballo e Benestar considera importante reeditar este convenio, xa que os xestores formados en anteriores edicións están traballando. De feito, os alumnos que participaron neste programa traballan no ámbito da xestión e o asesoramento en cooperativismo.

Fomento ao cooperativismo

A sinatura deste convenio enmárcase na aposta da Xunta polo cooperativismo, xa que os datos reflicten que é unha fórmula empresarial que está a desenvolver unha forte resistencia e estabilidade fronte á crise, xa que o número de cooperativas segue a medrar pese á difícil conxuntura económica.

Así, Galicia conta na actualidade con preto de 1.140 cooperativas activas formadas por 88.000 socios. Ademais, nos dous últimos anos creáronse 89 novas cooperativas formadas por máis de 2.900 socios.

Por iso, a Xunta está a apoiar este tipo de iniciativas, e, se cabe, máis este ano, cando se celebra o Ano Internacional das Cooperativas. Para este eido, o orzamento da Consellería de Traballo e Benestar reserva 6,5 millóns de euros para 2012. Ademais, o Goberno galego mellorou o marco lexislativo, xa que o pasado decembro o Parlamento aprobou a modificación da Lei de cooperativas, unha normativa que agora se adapta á realidade actual e ás necesidades reais dos cooperativistas de Galicia.

A XUNTA APROBA A PREVALENCIA DA UTILIDADE PÚBLICA DO PROXECTO DUNHA SUBESTACIÓN ELÉCTRICA SOBRE TERREOS DUN MONTE VECIÑAL EN RIBADEO

- ***O acordo do Consello comprende unha superficie de 1,18 hectáreas do monte veciñal en man común dos Chaos, pertencente á comunidade de Piñeira, neste concello lucense***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o acordo polo que se declara a prevalencia da utilidade pública do modificado do proxecto da Subestación eléctrica de Ribadeo sobre a que cualifica ao monte veciñal en man común dos Chaos, pertencente á comunidade de Piñeira, no concello de Ribadeo (Lugo). A superficie total de afección é de 1,18 hectáreas.

Este proxecto contribuirá á mellora da subministración eléctrica no contorno de Ribadeo.

Tras a autorización do proxecto por parte da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas da Consellería de Economía e Industria, o Servizo de Montes da provincia de Lugo remitiu informe favorable, tendo en conta o servizo público que se vai facer con esta instalación e sen que consten no expediente alegacións por parte da comunidade de Piñeira.

Á vista de toda a documentación do expediente, a Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes da Consellería do Medio Rural e do Mar propuxo emitir informe favorable desta prevalencia en virtude do artigo 6 do regulamento da Lei de montes veciñais en man común.

A XUNTA AFORROU CASE 4 MILLÓNS DE EUROS NO PRIMEIRO TRIMESTRE, INCLUINDO O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, AO REDUCIR AS BAIAS LABORAIS

- *A diminución de baixas laborais na Xunta foi dun 17,5% no primeiro trimestre, mentres que no Sergas foi dun 17%*
- *O nivel de absentismo no que vai de lexislatura diminuíu no ámbito de Función Pública un 27,1%, tras pasar dunha porcentaxe de baixas do 5,4% a unha do 3,9%*

O Goberno galego conseguiu aforrar ata 3,9 millóns de euros no primeiro trimestre do ano en relación con mesmo período do ano anterior como consecuencia da redución nun 17,5% do número de baixas laborais rexistradas entre xaneiro e marzo no ámbito de Función Pública e dun 17% no Servizo Galego de Saúde.

Así se recolle nun informe presentado ao Consello da Xunta pola titular de Facenda, Elena Muñoz Fonteriz, no que se indica que en Función Pública esta diminución foi máis significativa en marzo en relación ao mesmo mes de 2011, cunha caída do 27,3.

En canto ás baixas iniciadas nos primeiros tres meses do ano, contabilizáronse un total de 2.163, un 23,7% menos que en 2011, descenso que tamén foi maior comparando o mes de marzo de 2012 co mesmo período do ano anterior, cunha diminución do 48,4%.

Ademais, o nivel de absentismo foise reducindo de maneira progresiva a longo desta lexislatura ata un 27,1%.

A XUNTA CONSEGUE MOBILIZAR INVESTIMENTOS DE MÁIS DE 60 MILLÓNS DE EUROS EN PROXECTOS DE INNOVACIÓN NO MARCO DO PROGRAMA INTERCONNECTA NO CAL PARTICIPAN 106 EMPRESAS GALEGAS

- *Mediante o programa estanse a desenvolver 26 proxectos de innovación en colaboración entre empresas privadas, universidades e centros tecnolóxicos*
- *O obxectivo da Xunta, dentro do marco do Plan I2C, é inducir o investimento privado en innovación así como a transferencia de coñecemento desde as universidades ata as empresas en busca de resultados eficientes que xeren melloras competitivas*
- *Grazas a programas como o Interconnecta, o investimento privado en innovación multiplicouse por dous nos últimos tres anos, pasando do 23% ao inicio da lexislatura, ata o 51,2% actual.*

A Consellería de Economía e industria informou hoxe o Consello da Xunta dos resultados do programa Interconnecta, co que se conseguiu a mobilización de 61,5 millóns de euros de investimentos para impulsar proxectos innovadores de desenvolvemento público-privado, no cal participan 106 empresas galegas.

Dentro do Interconnecta, executado xunto con CDTI, lévanse a cabo 26 proxectos de innovación desenvoltos en colaboración entre empresas, universidades galegas e centros tecnolóxicos. Mediante a execución deste programa conséguese o obxectivo fixado pola Xunta de incrementar o investimento privado en innovación, inducendo un investimento que multiplica por dez a achega do Goberno galego. Así, estase a influír directamente no plan da Xunta de impulsar o aproveitamento do Fondo Tecnolóxico Europeo asignado para Galicia, conseguindo pasar do 5%, ao inicio da lexislatura, ata o 50% actual e pretendendo acadar o 100% de execución a fin de 2013.

Xunto co obxectivo de incrementar a implicación do ámbito privado, en especial as pequenas e medianas empresas, estase a incidir na importancia da transferencia de coñecemento desde as universidades ata as empresas na busca de resultados eficientes que xeren melloras competitivas reais. Así, os resultados da convocatoria reflicten unha importante participación das pemes, grazas tamén á rebaixa do límite mínimo dos proxectos de 5 a 1,5 millóns de euros, que permitiu captar plans máis acordes co tecido empresarial galego. Entre os proxectos que se están a desenvolver no Interconnecta destacan sectores como a automoción, o sector pesqueiro e o vitivinícola.

Por medio deste programa reafírmase a estratexia da Xunta en materia de innovación, un cambio de rumbo presentado desde o inicio da lexislatura coa posta en marcha do I2C (Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015) que busca unha maior fusión entre investigación, innovación e espírito empresarial e que supón un xiro na concepción, planificación e execución das políticas en que se viña articulando o sistema galego de I+D+i, que non estaban a producir resultados eficientes. De feito,

dentro do marco do Plan I2C e o desenvolvemento do Interconnecta, o investimento privado en innovación multiplicouse por dous nos últimos tres anos, pasando do 23% ao inicio da lexislatura, ata o 51,2% actual.

Mediante o Plan i2C posto en marcha pola Xunta, estase a traballar no artellamento dunha cultura presidida pola innovación por convencemento á que están comezando a dar resposta as empresas, segundo reflicten os resultados do Interconnecta. Ademais, a innovación galega esta a dar un paso adiante coa posta en marcha da nova Axencia Galega de Innovación e mais a nova Lei de apoio á innovación que está a deseñar a Xunta de Galicia co obxectivo de dar un impulso definitivo á construción dun novo modelo baseado no coñecemento.

O SERGAS ELABORA GUÍAS INFORMATIVAS PARA OS PROFESIONAIS SANITARIOS

- ***Xa están elaboradas as guías sobre o descanso de maternidade e paternidade, e estase a traballar noutras sobre a violencia de xénero e a xubilación***
- ***Ofrecen información xeral de situacións nas cales o profesional pode atoparse ao longo da súa vida laboral e clarifican que xestións administrativas deben realizar***

A conselleira de Sanidade, Rocío Mosquera Álvarez, informou o Consello da Xunta da elaboración por parte da Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde dunhas guías informativas para os profesionais. Estes documentos abordan información de carácter xeral e sobre as xestións administrativas que hai que realizar nas situacións en que o profesional se pode atopar ao longo da súa vida profesional.

Esta acción está enmarcada na Estratexia Sergas 2014 para mellorar a información e a comunicación cos profesionais. Rocío Mosquera explicou que o obxectivo desta actuación é traballar para facilitar estes trámites aos profesionais, de forma que se sintan máis integrados e partícipes na organización o que redundará no traballo que desempeñan diariamente.

As primeiras destas guías están dedicadas ao descanso da maternidade e paternidade, con información sobre a duración dos respectivos descansos, o aboamento da prestación e deducións, os trámites administrativos que hai que realizar ante o INSS e o centro de traballo e as posibilidades que a normativa vixente recolle en relación coa conciliación da vida familiar e laboral. As guías, ademais, proporcionan información sobre axudas públicas ás cales poden acceder os profesionais, así como dos enlaces de interese coa web da Seguridade Social e da Axencia Tributaria para descargar directamente os formularios de solicitude.

Ademais, neste momento estase traballando na elaboración de dúas novas guías, unha sobre os trámites para acceder á prestación de xubilación e outra sobre violencia de xénero coa que se pretende que os nosos profesionais teñan información sobre como actuar en caso de que se atopen nunha situación de risco, así como no caso de ser vítima, as axudas ás cales poden acceder e os dereitos que os asisten no eido laboral.

As guías están á disposición de todos os profesionais, xa que están situadas na intranet do Sergas, na parte dedicada a recursos humanos. Tamén están accesibles nas direccións de recursos Humanos dos centros onde se proporcionarán directamente cando un profesional se atope nun suposto en que a guía poida serlle de axuda, co obxectivo de que todo o mundo teña acceso a elas. O seu formato é sinxelo e manexable, imprimible en formato libro, e cunha gama de cores que permite unha fácil lectura sen necesidade de impresión a cor.

Máis actuacións neste eido

Outras iniciativas desenvolvidas neste marco foi no ano 2011, e coincidindo coa toma de posesión de mais de 3.000 profesionais de distintas categorías estatutarias, púxose en marcha o Plan de acollida do persoal do Servizo Galego de Saúde co obxectivo de acompañar o profesional no acceso ao sistema, facilitarlle a súa integración nos equipos, e proporcionarlle información sobre os seus dereitos, deberes, réxime xurídico, e a organización.

Tamén o Expedient-e do profesional tamén leva consigo un importante avance neste eido, posto que a través da plataforma FIDES, permítelle ao profesional e á Administración interactuar, con relación cos seus datos persoais, laborais, académicos, actividades formativas e investigadora, e aos procesos de recursos humanos nos cales pode ter interese en participar, conseguindo así facer realidade a existencia do profesional do Sergas.

SANIDADE DESTINA ARREDOR DE 40 MILLÓNS DE EUROS Á CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE TERAPIA RESPIRATORIA A DOMICILIO

- *Esta contratación suporá un aforro de máis de 10 millóns de euros nos próximos catro anos*
- *Máis de 23.000 pacientes beneficianse en Galicia deste servizo de ventilación mecánica que mellora a calidade e esperanza de vida destas persoas*
- *Os tratamentos que se inclúen nesta medida inclúen a osixenoterapia, a ventilación mecánica, o tratamento da apnea do sono e a aerosolterapia, entre outros*

A conselleira de Sanidade, Rocío Mosquera Álvarez, informou ao Consello da Xunta de que xa está realizada a proposta de adxudicación ao órgano de contratación das técnicas de terapia respiratoria a domicilio na nosa comunidade por un importe estimado de 40.274.262,10 euros para catro anos. Neste momento ábrese o prazo de dez días para a presentación da documentación pertinente polas empresas adxudicatarias, e previsiblemente, a resolución será publicada no *Diario Oficial de Galicia* os vindeiros días.

Esta contratación suporá un aforro de 10,2 millóns de euros nos próximos catro anos, distribuídos entre os 3,8 millóns de aforro obtidos pola propia licitación do contrato, e outros 6,4 millóns de euros pola redución dun 15% nas tarifas que inclúen as propias ofertas.

A contratación dos servizos de técnicas de terapia respiratoria a domicilio en Galicia permite dar cobertura asistencial á poboación que precisa destes servizos e que na nosa comunidade son 23.500 pacientes aproximadamente.

As técnicas de terapia respiratoria a domicilio teñen como finalidade o mantemento dun correcto estado ventilatorio dos pacientes, mellorar a súa calidade e esperanza de vida, favorecer a súa integración social e diminuír as estancias hospitalarias.

Nova contratación con máis prestacións

O Sergas formalizará en 2007 para a prestación destas terapias contratos con varias empresas. Ao rematar da súa vixencia, e dado que actualmente persiste a necesidade da prestación destes servizos, é polo que se tramita esta nova licitación.

Esta nova contratación actualiza a normativa e modifícase a referencia provincial por área sanitaria. Ademais, inclúense modalidades novas dentro dos servizos que se van prestar (concentrador portátil, respirador barométrico ou mixto, e AutoCPAP); así mesmo, sen custo engadido, inclúe técnicas adicionais como pulsioximetría, aspirador de secrecións ou monitores de apnea, entre outros.

Actualízanse as especificacións técnicas dos equipamentos, engadindo requirimentos como a dotación de equipamentos segundo a prescrición facultativa, criterios da Sociedade Española de Neumoloxía, e no caso da osixenoterapia con bombona, engádese a entrega de botellas portátiles, sen custo engadido, baixo prescrición facultativa.

A nova licitación inclúe tamén un punto de melloras técnicas, sen custe, que valoraranse como mellora na oferta (economizadores, capnógrafos, polisomnógrafos, espirómetros, carboterapia, mestura de gases, pulsioximetría nocturna, e outras).

Outras prestacións incluídas nesta nova licitación son a inclusión do rexistro con base de datos informática con acceso para Servizo Galego de Saúde e integración cos sistemas (IANUS); centros de atención ao usuario; atención ao paciente 24h cun número provincial ou de tarifa reducida; conformidade do paciente nas actuacións no domicilio; e comunicación por parte da empresa dos problemas de manipulación ou trato por parte do doente.

Tamén as revisións, con chamada telefónica tras a instalación nas 48h, visita domicilio aos 7 días, revisións mínimas mensuais (ventilación) e trimestrais no resto agás outras recomendacións; e o compromiso de substitución dos equipamentos por melloras tecnolóxicas.

A nova contratación especifica melloras ao servizo; sede e centro loxístico na área, certificación calidade, e elaboración de plans (apoio psicolóxico, antitabaco, cesión de equipamentos aos centros hospitalarios, asistencia ambulatoria domiciliaria, poligrafía domiciliaria, rehabilitación respiratoria, recursos humanos, tempos de resposta, e outros). Así como unha comisión de seguimento en cada lote que avalíe indicadores de calidade na prestación do servizo (demoras documentadas e sistema de avaliación, ponderación e penalización).

OS 14 DÍAS FESTIVOS DO CALENDARIO LABORAL DE GALICIA PARA 2013 INCLUIRÁN O DÍA DAS LETRAS GALEGAS E O SAN XOÁN

- ***O Consello da Xunta coñeceu hoxe o informe coa proposta do calendario laboral para o próximo exercicio, que terá que ser aprobada posteriormente por decreto***
- ***O Real decreto 2001/1983 que rexe o calendario laboral establece 14 festivos: dous elixidos por concellos, aos que se suman 12 marcados polo Estado, dos que 3 as comunidades autónomas poder exercer a facultade de substitución***
- ***Dos festivos obrigatorios, se algún coincide en domingo, a comunidade autónoma pode substituílo polo luns seguinte, ou ben por outro día de interese***
- ***Dado que o próximo ano tanto o 6 de xaneiro como o 8 de decembro coincidirán en domingo, Galicia substituirá estes festivos polo 17 de maio, Día das Letras Galegas, e o 24 de xuño, San Xoán***
- ***Escolléronse estas datas pola súa relevancia e posto que o 17 de maio é venres, e o 24 de xuño é luns, polo que ambos os festivos serían correlativos á fin de semana***

Os 14 días festivos do calendario laboral de Galicia para 2013 incluírán, entre outros, o 17 de maio, Día das Letras Galegas, e o 24 de xuño, San Xoán. Ambos os días foron elixidos para substituír festivos que caían en domingo pola súa relevancia na comunidade autónoma e porque, ademais, son correlativos á fin de semana: o 17 de maio é venres, e o 24 de xuño é luns.

O Consello da Xunta coñeceu hoxe o informe coa proposta do calendario laboral para o próximo exercicio, que terá que ser aprobado posteriormente por decreto.

O calendario laboral establécese sobre o Real decreto 2001/1983, que establece as festas de ámbito nacional non recuperables e de carácter obrigatorio. Esta normativa establece un máximo de 14 festivos anuais, de carácter remunerado e non recuperables.

Destes 14 festivos 2 son elixidos por cada concello; e dos outros 12 restantes, 9 son de carácter obrigatorio e tres poden ser substituídos polas comunidades autónomas. A isto hai que sumarlle que, se algún destes 12 festivos cae en domingo, a Comunidade pode substituílos ou ben polo luns seguinte ou por outro día que fixe a propia comunidade autónoma.

Os 9 festivos nacionais que son de carácter obrigatorio e non substituíbles son: 1 de xaneiro, Venres Santo, 1 de maio, 15 de agosto, 12 de outubro, 1 de novembro, 6 de decembro, 8 de decembro e 25 de decembro. A estes 9, súmanse os outros tres que poden ser substituídos polas comunidades: 6 de xaneiro, Xoves Santo, e 25 de xullo.

Destes tres que poden ser substituídos hai que lembrar o seguinte: o 6 de xaneiro non é modificado por ningunha comunidade autónoma; o Xoves Santo tamén se mantén en Galicia, aínda que nalgunha outra comunidade substitúese polo Luns de pascua; e o 25 de xullo si que é substituído en varios territorios, pero non en Galicia por ser o día nacional desta comunidade.

Polo tanto, os festivos que podería substituír a comunidade autónoma serían aqueles que caen en domingo, que en 2013 son dous: o 6 de xaneiro e o 8 de decembro.

Polo tanto, a Xunta decidiu substituír estes dous días polo tradicionalmente festivo Día das Letras Galegas, que coincidiría en venres; e, como novidade, inclúese o 24 de xuño, San Xoán, que coincide en luns.

De cara a 2013, decidiuse elixir ao San Xoán como festivo (en detrimento doutros como poderían ser o 19 de marzo ou o Martes de Entroido), xa que o 24 de xuño coincide en luns e, polo tanto, permitiría avanzar no establecemento paulatino en luns dos festivos que caen entre semana co fin de mellorar a economía. Isto no que se refire aos festivos que competen á comunidade autónoma, xa que cabe recordar que o cambio dos festivos de carácter obrigatorio a luns é unha competencia estatal, posto que deben ser o mesmo día en todo o territorio nacional.